



ADAPTACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CURSO 2019/2020 ÁS INSTRUCIÓNS DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

(ANEXO AO PLAN DE ORIENTACIÓN)

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: SEGUIMIENTO DA ACCIÓN DE TITORIZACIÓN DO ALUMNADO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: Dende o departamento de orientación propóñense as seguintes actuacións

- Colaborar e asesorar ao profesorado titor no desenvolvemento das súas tarefas e na adaptación do modelo de tutoría ás circunstancias actuáis.
- Axudar ao alumnado a organizar as actividades escolares e da autorregulación da súa aprendizaxe e manter o bo estado emocional.

ACCIÓNS ESPECÍFICAS:

Seguimento do Plan de acción tutorial:

Co profesorado – titor: sería de gran utilidade que o profesorado-titor manteña un contacto habitual co seu grupo para deste xeito:

- ➔ Coñecer a situación de seguimento da actividade lectiva non presencial por parte das familias: que dificultades se están encontrando, e, establecer un contacto máis directo co alumnado que veña a suplir a presenza física no centro escolar.

Co alumnado:

- A través dos taboleiros TRELLO, en secundaria, a través dos que se organiza a acción tutorial do centro (e coordinado co profesorado-titor de cada grupo da ESO) actualízase con información relativa a:
 - Recomendacións elaboradas polo departamento para que o alumnado desenvolva o estudo na casa durante este período.
 - Desenvolvemento de actividades nas que se favoreza o bo estado emocional dos mozos/as favorecendo o desenvolvemento de actividades e programas específicos que permitan favorecer a cohesión grupal nestes tempos de confinamento e no traballo das habilidades sociais e a resiliencia.
 - Actualización dos taboleiros con información vinculada á protección ante o acoso nas redes sociais (ciberacoso) para o alumnado da ESO. Durante estes días o fluxo de información e de contactos empregando as redes sociais vai en incremento polo que é importante incidir no alumnado na protección dos seus datos e do que se comparte a través das redes.



Coas familias:

Dende o departamento de orientación organizaranse actividades de información e asesoramento dirixida ás nais/pais en colaboración coa ANPA que ten como obxectivos:

- As recomendacións para o estudo na casa.
- O uso responsable de internet e as redes sociais: recomendacións nos usos responsables das pantallas

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE_ Seguimento dende o Departamento de Orientación

- Seguimento das medidas de atención á diversidade aplicadas co alumnado a través da xefatura de estudos, do profesorado – titor e do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica do centro en aspectos como:
 - ➔ Adecuación dos instrumentos, tempos e apoios para dar resposta ás necesidades do alumnado. Elabóranse dende o departamento de orientación material de apoio para facer o seguimento, dos apoios e reforzos educativos.
 - ➔ Continuar cos procesos de avaliación psicopedagóxica iniciados e
 - ➔ Recoller as demandas por parte do profesorado ante dificultades detectadas durante este período.
 - ➔ Contacto cos servizos sociais municipais para a coordinación de recursos e no seguimento do alumnado que presenta máis dificultades de índole socioeconómica.
- Desenvolvemento de actividades e programas (a través da acción titorial) a través dos que se favoreza o bo estado emocional e a cohesión grupal nestes tempos de confinamento e no traballo das habilidades sociais e a resiliencia.
- Programar as medidas de atención á do alumnado NEAE do curso 2020/2021 do alumnado e das incorporacións previstas ao centro.

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL: Seguimento

- Na AULA VIRTUAL DO CENTRO, creouse a materia ORIENTACIÓN, coa finalidade de achegar información e actualización de diferentes contidos para o alumnado, especialmente, da ESO
- Creouse un taboleiro específico na aplicación TRELLO para o alumnado de 4º ESO relativo á información en orientación académica e profesional. Con especial incidencia nos seguintes puntos:
 - ➔ Oferta formativa do contexto de referencia nas modalidades (e itinerarios) de Bacharelato. Así mesmo, tamén, se lle comunica a suspensión de prazo para a realización da solicitudes de admisión.
 - ➔ Información sobre as materias troncais, específicas e de libre configuración de modalidade/itinerarios do BAC.
 - ➔ Información para a preparación das probas libres de acceso aos ciclos medios FP, e de recursos (unidades didácticas, recursos web,...)
 - ➔ Información específica de Bacharelato persoas adultas (solicitada por unha alumna do grupo).